<ul style="list-style-type: none"> N 	<ul style="list-style-type: none"> B3.12. A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico. B3.13. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.9. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.9.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria. 	<ul style="list-style-type: none"> Participa nas campañas propostas no centro. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.9.2. Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías. 	<ul style="list-style-type: none"> Busca nos medios información sobre accidentes de tráfico. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CD CAA
			<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.9.3. Expón as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece consecuencias que teñen os accidentes de tráfico. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL CMCT CD

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Debe estar relacionada con multitude de aspectos: competencias básicas, obxectivos, estándares de aprendizaxe, avaliación, características do alumnado, actividades...de forma que todos estes elementos sexan coherentes entre sí, buscando e aplicando a lóxica interna da materia.

No relativo aos principios metodolóxicos básicos e os estilos de ensino empregados decir que a práctica educativa debe: salientar aquelas aprendizaxes básicas e imprescindibles, dotar aos contidos dun enfoque integrador e globalizado, centrarse na funcionalidade orientando as aprendizaxes, procurar que o/a alumno/a aprenda a aprender, favorecer o traballo cooperativo e a práctica vivenciada e fomentar habilidades para a búsqueda, selección, procesamento, tratamento e comunicación da información, buscando a autonomía do alumnado.

Os principios, estratexias metodolóxicas e fórmulas organizativas que se seguirán son: partir dos coñecementos previos do/a alumno/a, aprendizaxe significativa, aprender a aprender e traballo colaborativo. A aprendizaxe é un proceso interactivo que ten como características: o desenvolvemento en espiral e a globalización, unha metodoloxía activa e integradora, a construción de aprendizaxes significativas, a autorregulación das aprendizaxes, modelos de E-A que atendan á diversidade, a aprendizaxe como proceso interactivo que promova a participación active e dinámica, a reorganización dos coñecementos por parte do alumnado e a funcionalidade.

Atendendo á lexislación vixente, esta Programación segue unha metodoloxía flexible/individualizadora, lúdica, activa, participativa e integradora.

As actividades levadas a cabo son:

- a. Actividades de introdución ou de motivación (coñecementos previos).
- b. Actividades de desenvolvemento.
- c. Actividades de consolidación.
- d. Actividades de avaliación.
- e. Actividades de reforzo e ampliación.

Estes aspectos son comúns a todas as áreas que recolle esta programación, pero destácanse outros específicos que se recollen na seguinte táboa.

Áreas	Metodoloxía Específica
Lingua e Literatura	<p>Iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita de xeito funcional. Para isto é primordial o traballo en grupo, axudando ao alumnado a expresarse adaptándose a diferentes contextos e intencións comunicativas.</p> <p>Incidir na expresión oral e escrita, para expoñer diferentes temáticas.</p> <p>Traballar o fomento e promoción da lectura, favorecendo unha achega con gusto e interese.</p>

Matemáticas	<p>Realizar de maneira sistemática os procedementos que conforman a área.</p> <p>A finalidade é traballar o razoamento lóxico mediante a resolución de problemas, por isto necesitamos dotar os alumnos de ferramentas para acadar este aspecto. É necesario o entramento individual e o traballo reflexivo de: algoritmos, operación, cálculo mental, linguaxe matemático,...</p>
CC. da Natureza	<p>Os alumnos han de iniciarse en coñecer e utilizar algunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tal como a observación, a identificación, análise de problemas, organización e tratamento de datos, experimentación, busca de solucións... polo que é necesario facilitar ferramentas que o posibiliten.</p> <p>Incidir no traballo de estratexias científicas como formular preguntas, planificar e realizar actividades. O traballo colaborativo será indispensable para consolidar o traballo da área.</p>
CC.Sociais	<p>Intégranse diversas disciplinas que estudan ás persoas como seres sociais e a súa realidade nos seus aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos.</p> <p>O obxectivo das Ciencias Sociais é aprender a vivir en sociedade, coñecendo os mecanismos fundamentais da democracia e respectando as regras da vida colectiva, por iso os alumnos han de iniciarse en coñecer, utilizar destrezas e estratexias para poder dar resposta a aquilo que se lles pide e que consigan o proposto.</p>
Valores Sociais e Cívicos	<p>Formar na reflexión e na vivencia dos valores ao longo de toda a Educación Primaria. Incidiremos no respecto dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais, preparándose para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.</p>

■ AGRUPAMENTOS E ESPAZOS

Os distintos tipos de agrupamento estarán sempre en función das necesidades e intereses pedagóxicos do momento e da actividade. Así, traballaremos con diferentes tipos de agrupamentos:

- **Gran grupo** que, incluírá a todo o alumnado da clase.(Nalgún momento ou actividade pode ser con outro alumnado doutro nivel, a través de videoconferencia, dependendo da actividade).
- **Individual**, para detectar e tratar de solventar posibles problemas, particulares e específicos de cada alumno/a.

A situación de cada alumno/a dentro da aula será fixo para manter controlada a distancia de seguridade e os contactos estreitos tal e como establece o **Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021**.

Na aula, a disposición do mobiliario permitirá desprazarse con facilidade polos diferentes espazos.

Todas as mesas estarán colocadas en liñas mirando cara a dirección do posto do/a mestre/a, adoptando a maior distancia posible entre pupitres seguindo o Protocolo antes mencionado.

En canto aos espazos comúns: patio, corredores, aula de informática e relixión e biblioteca, empregaranse seguindo as medidas de seguridade establecidas para a prevención da COVID 19, polo que todos os espazos estarán delimitados por zonas, coa sinalización correspondente e antes e despois do seu emprego desinfectarase axeitadamente tendo en conta unha boa ventilación destes.

■ ORGANIZACIÓN DO TEMPO

A organización dos tempos será flexible, en función das decisións didácticas tomadas, do ritmos individuais de aprendizaxe dos alumnos/as e do maior aproveitamento dos recursos humanos e materiais do centro.

En calquera caso, será imprescindible que os discentes coñezan as secuencias temporais que organizan a súa actividade. Nesta programación, os contidos están tratados en unidades didácticas que se distribúen ao longo de todo o curso e os proxectos intercalaranse en sesións dentro de cada unidade.

Na temporalización do temario tamén se ten en conta a dificultade e densidade dos temas, así como as actividades programadas, para atribuírles máis ou menos sesións no seu desenvolvemento, as unidades comprenderán entre 8 e 10 sesións. Sempre será flexible, estando supeditada ás características e necesidades do alumnado, ritmo de aprendizaxe e intereses.

■ MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Empregaranse todos aqueles materiais e recursos que se considere favorecen o proceso educativo e o desenvolvemento das capacidades do alumnado e para a súa selección atenderase a criterios pedagóxicos.

Estes materiais serán diversos, variados e interactivos tanto no que se refire ao contido como ao soporte. Para a súa utilización na aula, haberá que ter en conta que non sexan discriminatorios, non degraden o medio ambiente, ofrezan situacións relevantes de aprendizaxe para adaptarse ás diferenzas individuais e fomenten a curiosidade e a reflexión sobre a propia acción educativa.

No que respecta aos **RECURSOS HUMANOS**, cóntase coa titora e cos especialistas en Lingua Estranxeira, Educación Musical, Educación Artística, Educación Física e Relixión, P.T e A.L. Tamén pode ser posible contar coas familias e con algunha videoconferencia que poida realizar unha exposición sobre algún tema en concreto ó alumnado, dar algunha charla ou facer algunha pequena actuación.

En canto aos **RECURSOS MATERIAIS** inmoables, as clases realizaranse nas aulas do 4º nivel para todas as áreas, a excepción das sesións semanais de relixión e a sesión semanal de informática. Ademais de que se poderá contar puntualmente con outros espazos para levar a cabo algunhas das clases, como a pista polideportiva ou o patio de recreo.

En canto ós recursos materiais móbiles, a aula conta cunha pequena dotación de material: pizarradixital, un ordenador,

diversos libros, biblioteca de aula, xogos didácticos, Cds interactivos, corcho nunha das paredes da aula para colgar material informativo relevante e diversos traballos puntuais dos alumnos/as fora do alcance dos nenos/as.

O material que usará o alumnado para o traballo ordinario na aula estará disposto no seu pupitre e cadeira, non podendo empregar material de uso común de acordo coas normas establecidas ante a COVID 19. Así, este material será:

- **Materiais curriculares impresos**: libros de texto (Santillana), guías didácticas, dicionarios, libros de consulta, fichas didácticas...
- **Outros recursos didácticos**: fotos, mapas, xogos de mesa, quebracabezas, xogos matemáticos, xogos de lectoescritura, pinturas, calendarios, regras, carteis, etc.
- Para a resolución de problemas e cálculo, é interesante o manexo de **material manipulable ou gráfico** que permita un entendemento lóxico do mesmo, como poden ser o uso do ábaco, regretas, sementes, medidas, calculadora, calendarios, reloxos, moedas e billetes...
- **Materiais elaborados polo profesorado**: folletos, guías, instrucións, envases, xornais, ...
- **Material funxible**: cadernos dos alumnos, cartafolios, lapis, rotuladores, gomas, cartolinas, papeis de diferentes tipos, adhesivos, folios, ceras, pinturas, plastilina...
- **Recursos dixitais**: Libro Dixital de cada materia, xogos interactivos, etc.
- **Biblioteca de aula**: Banco de libros, selección de préstamo da biblioteca de centro.
- **Materiais impresos** aportados polo alumnado ou profesorado.
- **Elementos do contorno natural**: sementes, pedras, follas, etc.

As visitas virtuais a museos, exposicións, acontecementos, que sucedan no noso contorno con esta opción a distancia serán aproveitados como un recurso da comunidade, aproveitando as posibilidades que ofrecen, tanto as institucións públicas como privadas, en colaboración coa escola.

■ **RELACIÓN FAMILIA-ESCOLA**

Tal e como se recolle na LOE-LOMCE, as familias terán un papel moi importante na educación dos seus fillos, xa que constitúen o primeiro axente educacional na vida dos nenos e nenas; polo que, como titoras debemos potenciar a colaboración e participación das familias nas actividades e vida diaria da aula.

Así, organizaremos reunións con elas por vía telemática ou telefónica preferiblemente, ao longo de todo o curso, e estableceremos unha canle de comunicación a través da aplicación proporcionada pola Consellería, Abalar Móbil.

Solicitarase por esta vía e por medio da axenda, a participación das familias nas actividades da aula e do centro achegándoas á realidade dos seus nenos/as. Son mostra destas, as propostas de actividades de introdución ás unidades, actividades complementarias, talleres ou solicitude de material funxible para elaborar os nosos propios recursos.

Por outra parte, empregamos a nosa presenza en internet para que os pais poidan visitar a páxina web do centro e a aula virtual de Santillana.

6. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL.

No caso do desenvolvemento da programación nun **ESCENARIO PRESENCIAL**, levarase a cabo a metodoloxía ata agora citada.

Así mesmo, na **ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**, levaranse a cabo actividades interactivas a través da aula virtual da editorial Santillana, así como o envío de tarefas en papel ou a través da Aula Virtual do Centro. Esta será a principal vía de comunicación co noso alumnado e as súas familias, xunto coa aplicación webex, o correo electrónico e a comunicación telefónica.

No suposto dunha **ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL** combinaranse actividades presenciais na aula coas mencionadas anteriormente no suposto dunha ensinanza non presencial.

A metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de **ENSINO A DISTANCIA** seguirá a ser construtivista e globalizada, polo que partirá dos coñecementos previos do alumnado, propoñéndolle pequenos retos e experimentos que permitan a manipulación de diferente material que os leve a inferir novos contidos a partir do que xa coñecen. Deste xeito, adquirirán aprendizaxes significativas e proporcionaralles unha maior motivación de cara ao traballo na casa.

Ademais, terase moi en conta a atención emocional do alumnado que traballaremos a través do proxecto da biblioteca “EMOCIONARTE CON TILANDRA”, polo que presentaremos actividades que lles faciliten aos nenos e nenas entender o que lles ocorre e como poden xestionar as diferentes emocións que se lles presentan no seu fogar. Deste xeito, realizaremos actividades como a expresión artística das emocións, a meditación en movemento, un Diario de Tilandra que reflexe diferentes situacións cotiás coas que se sintan identificados...

▪ MÉTODO ALTERNATIVO Á AULA VIRTUAL PARA A COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E MANTEMENTO DA ACTIVIDADE LECTIVA A DISTANCIA.

Durante a actividade lectiva a distancia, a comunicación coas familias farase a través de distintos medios en función das necesidades que se presente, polo que empregaremos: Abalar Móbil, correos electrónicos, videoconferencias, chamadas telefónicas e/ou a páxina web do centro.

Así mesmo, para levar a cabo as actividades lectivas co alumnado traballarase coa aula virtual de Santillana que recolle os libros de texto virtuais e permiten un seguimento continuo da actividade lectiva do alumnado. Ademais proporcionaranse diferentes recursos en papel para aquelas familias que tiveran problemas de conexión ou de acceso a dita aula virtual. Do mesmo xeito, continuaríase co traballo de lectoescritura no libro de texto físico e coa atención do alumnado a través de videoconferencias se fose posible o acceso de todo o alumnado do grupo-clase.

- **MODO DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA**

Naqueles casos, nos que o alumnado non poida seguir a ensinanza telemática, asegurase o dereito á educación proporcionándolle material en papel, como actividades fotocopiadas ou libro de texto polo que se lles facilitará un punto de referencia común á familia e á escola para a súa entrega e recepción. Ademais poderase empregar a vía telefónica así como servizos de mensaxería instantánea que permitan o envío de actividades e a súa entrega para a corrección.

- **MECANISMOS QUE O PROFESORADO ADOPTARÁ PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO DO CURSO POLO ALUMNADO**

Para asegurar o seguimento continuo do curso a distancia, empregaremos o servizo de seguimento da aula virtual do centro e a de Santillana que proporcionan información sobre as actividades que realizan os nenos e nenas, sobre as veces que se conectan e os resultados que obteñen.

Así mesmo, faranse correccións a través da propia aplicación proporcionándolle ao alumnado unha atención directa e individualizada e unha retroalimentación do seu traballo asegurando que o alumnado se sinta amparado na súa actividade lectiva.

Manteremos videochamadas a través da aplicación Webex e manteremos contacto coas familias a través do correo electrónico e chamadas telefónicas.

No caso do alumnado que non poida seguir o ensino telemático, farase un seguimento telefónico e, se for a posible, a través da entrega de material nalgún punto de referencia.

7. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

Para levar a cabo a avaliación, tómase como referencia a **Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia** e o **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia**. Segundo esta orde, as características nas que esta se basea son: continua, formativa, global e integradora. Terase ademais en conta o progreso do alumno/a no conxunto de todas as áreas do currículo.

A avaliación da aprendizaxe dos alumnos corresponde ao profesor titor que é o encargado de recoller a información proporcionada polos outros profesionais que poidan incidir no proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos.

Como os alumnos xa estiveron escolarizados con anterioridade a súa **avaliación inicial** baséase na avaliación final do curso anterior, tamén se teran en conta as observacións que fagan os mestres ao comezo do curso e coa información obtida das familias. Así mesmo levarei a cabo unha avaliación inicial de cada alumno ao longo da dúas primeiras semanas de curso. Esta avaliación inicial terá como finalidade coñecer o punto de partida do alumnado para, a partir de aí, dar a resposta educativa axeitada tendo en conta as necesidades de cada alumno e alumna.

Durante todo o curso lévarase a cabo unha **avaliación formativa, global, integradora e continua** dos progresos dos alumnos. Esta avaliación terá a finalidade de ver en que medida se van acadando os obxectivos propostos e se van desenvolvendo as competencias básicas. Esta avaliación tamén permitirá observar a adecuación da presente programación e se é necesario facer algunha modificación.

Farase tamén unha **avaliación ó final** do curso a partir dos datos obtidos no proceso de avaliación continua. Esta avaliación indicará o grao de consecución dos obxectivos propostos ao principio de curso e o desenvolvemento das competencias básicas.

Cada alumno disporá dunha folla de avaliación personal onde se irá valorando o dominio dos obxectivos. A avaliación farase en función de cada alumno (criterial), tendo en conta as características individuais de cada alumno e os seus propios progresos.

■ AVALIACIÓN INICIAL

Ao inicio do curso, durante o mes de setembro, levarase a cabo unha minuciosa avaliación inicial, tanto de grupo como individual, que nos diagnosticará a situación de partida, así como detectar posibles problemas en cada un dos alumnos/as e dificultades derivadas da fenda dixital.

Esta avaliación terá en conta os informes individualizados do curso anterior, as actividades individuais escritas e orais que se realicen en dito mes de setembro e completarse con outros datos obtidos sobre o punto de partida desde que o alumno/a inicia as novas aprendizaxes.

Esta información deberá terse en conta para o deseño das medidas a adoptar en cada unidade didáctica, de forma que se repasen e introduzan os contidos non impartidos no curso anterior, debido a COVID-19, nas unidades correspondentes deste curso.

Deste xeito, obteremos o punto de partida de cada un dos nenos e nenas e poderemos incidir naqueles estándares nos que presenten maior dificultade. Os **procedementos** cos que avaliamos serán:

- Observación directa
- Conversas
- Fichas fotocopiabiles
- Lecturas
- ...

Os **instrumentos** para a avaliación inicial será o diario de clase e o cartafol, e os aspectos que avaliaremos serán os que nos parezan máis relevantes e bastará con poñer **apto** e **non apto**.

▪ PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar, empregaremos diferentes técnicas e instrumentos de avaliación tales como:

- **Observación sistemática** das actividades realizadas polos discentes.
- Exploración por medio de **preguntas formuladas polo profesor** durante a clase, que permiten analizar o grao de concentración e interese do alumnado.
- **Producións do alumno ou alumna** que permite ver o seu esforzo, progresos e logros.
- **Mapas conceptuais**: Son recursos gráficos que permiten representar xerarquicamente conceptos e proposicións sobre un tema determinado
- **Avaliación do desempeño**: Consisten no deseño de situacións onde os alumnos demostran as súas habilidades aprendidas ante tarefas xenuínas tales como escribir un texto persuasivo, executar unha peza musical, facer un experimento, solucionar problemas matemáticos, recitar un poema, representar unha peza teatral, entre outros.
- **Listas de control ou verificación e escalas**: Consiste nunha serie de indicadores referidos a características, realizacións e actividades que requiren que o observador indique simplemente se se realizou ou non unha conduta.
- **Rexistros anecdóticos e diarios de clase**.
- **Rúbricas**. Unha rúbrica é, basicamente, unha táboa na que se especifican unha serie de criterios de avaliación adaptándoos a uns niveis de eficiencia
- **Caderno de clase**: Son unha serie de actividades que se realizan en clase co fin de valorar o nivel de comprensión ou execución por parte dos alumnos no proceso de ensino-aprendizaxe.
- **As tarefas ou traballos** que se solicitan aos alumnos para realizar fóra de clase: Poden variar entre exercicios non

rematados na aula, solución de problemas, visitas a lugares, investigación na biblioteca, entrevistas ás familias, visitas culturais , museos entre outros. Pódense realizar de xeito individual ou en grupos cooperativos.

- **Observación e valoración de actitudes** na aula, ante os compañeiros/as e as súas aportacións, profesorado...
- **Orde e limpeza** na presentación dos traballos realizados.
- **Análise das producións dos alumnos/as** (resumos, textos escritos, producións orais, traballos sobre temas propostos...)
- **In intercambios orais cos alumnos/as** (diálogos, postasen común, intercambios de opinións, asembleas...)
- Facer **probos específicos** (utilízanse para verificar o grao de rendemento ou aprendizaxe lograda polos estudantes): orais, escritas, obxectivas, abertas...
- Realización das **probos de avaliación de competencias** e de diagnóstico das unidades.

▪ **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

Na avaliación serán tidos en conta todos os elementos que compoñen o currículo, e os criterios de avaliación das áreas serán referentes fundamentais para avaliar o grao de adquisición das Competencias Claves. Establecen o tipo e grao de aprendizaxe que se acadou ou se desexa acadar. Así tamén establécense uns criterios mínimos esixibles

0 a 4	5	6	7 – 8	9 -10
INSUFICIENTE	SUFICIENTE	BIEN	NOTABLE	SOBRESALIENTE

Entenderase como **avaliación positiva** toda aquela que sexa 5 ou superior

Os criterios de avaliación do alumnado son os que veñen reflexados neste documento para cada unha das áreas:

○ **Criterios de cualificación:**

- **Probas puntuais (orais e escritas) → 60%**
- **Actitude e participación. Esfuerzo → 20%**
- **Traballo individual e engran grupo (Tarefas: presentación e elaboración) → 20%**

Tamén se terá **en conta aspectos** como:

- Grao de esforzo de cada alumno.
- Grao de motivación por aprender e realizar as tarefas propostas.
- Situación familiar que pode estar influíndo na motivación e no esforzo dun alumno.
- Necesidades educativas que poidan presentar os alumnos.
- Interese por realizar ben os seus traballos.
- Outras circunstancias: enfermidade longa,...

En relación co traballo diario co alumno, aplicarase e esixirase:

- As tarefas que o alumno non remate na aula deberán ser completadas na casa para a xornada lectiva seguinte co fin de non perder o ritmo do grupo.
- Os alumnos reforzarán por sí mesmos aqueles contidos que se lles presentan na aula para conquistar un nivel axeitado; repectando sempre as características e ritmo de traballo do neno.

- Os alumnos deberán ter unha axenda na que diariamente anotarán o seu traballo pendente e a titora as observacións oportunas para que os pais/nais/titores teñan coñecemento puntual da evolución do seu fillo/a (estas observacións deberán traelas asinadas ao día seguinte da recepción). Calquera incidencia tanto a nivel persoal como académico será anotada nesta axenda. A axenda non será revisada pola mestra a diario. Terá só valor informativo para o alumno e a familia.
- Un uso axeitado dos materiais empregados na aula tanto comúns como propios.
- Unha presentación correcta, atractiva, e limpa dos escritos e traballos. Nos cadernos aplicaranse as normas que a titora lles explique a principio de curso para todas as materias.
- A custodia dunha carpeta na que se recollan, en limpo e ordenados, os materiais utilizados que non figuren nos libros de texto: fichas de ampliación, vocabulario, fotocopias, explicacións ou sinxelos traballos puntuais sobre temas determinados...
- Unha progresiva corrección ortográfica, para a que serán importantes instrumentos: ditados, redaccións...
- Unha atención especial á utilización de sinónimos e á non repetición de palabras ou formas.
- Un esforzo especial por non cambiar de lingua cando se está expoñendo, disertando, dialogando ou simplemente traballando nun idioma concreto.
- Unha coidada utilización do léxico (palabras malsoantes), aplicable igualmente a tódolos ámbitos da vida do centro.
- Unha solidariedade e compañeirismo cos demais membros do grupo.
- Un coidado da hixiene corporal: ducha, muda da roupa, ventilación da aula, coidado e pulcritude no comedor, lavado das mans á volta do recreo e dos dentes despois de xantar,...

En canto á valoración dentro de cada materia terase en conta:

- **Comúns a todas as materias:** probas escritas, traballo diario na clase, asimilación de contidos, tarefas e outros traballos realizados na casa, presentación e corrección do caderno e uso das TIC.
- **En Matemáticas** considerarase especificamente, ademais do dominio do cálculo, a capacidade de razoamento e de resolución dos problemas, e a capacidade de operar e de coñecer e de medir corpos xeométricos.
- Nas **linguas Galega e Castelá** teranse en conta dun xeito específico as lecturas realizadas (con verificación das fichas realizadas); a utilización da prensa; a comprensión de textos orais e escritos; a expresión oral; a

expresión escrita; a correcta utilización da ortografía (verificable en ditados, textos escritos, redaccións...); a asimilación do léxico novo; e a comprensión e o razoamento gramatical.

- En **Ciencias Naturais e Sociais** valorarase dun xeito particular: a asimilación dos contidos novos; o coñecemento do corpo propio; a adquisición dun xeito de vida saudable; a valoración dunha alimentación variada e equilibrada; a adquisición dunha visión histórica da nosa civilización; o emprego adecuado de gráficas, liñas do tempo e mapas; a ubicación de Galicia e España no mundo, coas súas especificidades paisaxísticas, climáticas, culturais e socioeconómicas.

Atendendo ao recollido no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria:

- “O alumno/a accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa e que alcanzou o grao de adquisición das competencias claves
- “O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre promoción da alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesora do titor.”

A toma de decisión aterase aos seguintes criterios:

- Promociona o alumno que supera todas as materias.
- Promociona o alumno que é avaliado negativamente, como máximo, nunha materia.
- Non promociona o alumno que teña dúas materias avaliadas negativamente das catro seguintes: Matemáticas, Lingua galega, Lingua castelá, Ciencias sociais, Ciencias da natureza.
- Non promociona o alumno que teña tres ou máis materias avaliadas negativamente.

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Na Educación Primaria porase especial énfase na Atención á Diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e, na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Para abordala, polo tanto, tomamos como marco de referencia o *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nos que se imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*. Así prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

Unha das finalidades que ten a avaliación é a de detectar o máis pronto posible necesidades educativas que vaian xurdindo nos alumnos. No caso de que aparezan estas necesidades será fundamental levar a cabo unha serie de medidas de atención á

diversidade para responder ás necesidades detectadas. Estas medidas de atención á diversidade terán como finalidade a de adecuar o proceso de ensinanza-aprendizaxe ás características individuais dos alumnos.

Seguirase o procedemento de derivación ao Departamento de Orientación que ten establecido o centro, para que se realicen as valoracións psicopedagóxicas necesarias para que o alumnado sexa atendido por as mestras de AL e PT. Os mestres con dispoñibilidade horaria e nas horas de garda, cando nos faga falta cubrir ausencias, impartirán sesións de apoio nas aulas.

As **MEDIDAS ORDINARIAS** de atención á diversidade serán:

- Adecuación da estrutura organizativa da aula
- Agrupamentos flexibles
- Reforzo educativo: levarase a cabo cando sexa preciso adecuar aspectos como a metodoloxía, actividades a realizar, etc. O reforzo educativo terá como finalidade responder a necesidades temporais que poidan xurdir na aula. Este reforzo educativo levarase a cabo empregando:
 - Fichas de reforzo: para aqueles alumnos que teñen máis dificultades para comprender e interiorizar os contidos.
 - Fichas de ampliación: para aqueles alumnos que teñen un ritmo de aprendizaxe máis rápido,
 - Atención individualizada: para explicar e traballar aqueles contidos que lles resulten máis complicados aos alumnos e alumnas.
- Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Adaptacións metodolóxicas.
- Adaptación dos instrumentos de avaliación.

Unha vez esgotadas estas medidas e por ser insuficientes teranse en conta **MEDIDAS EXTRAORDINARIAS** de atención á diversidade como:

- Apoio dentro da aula do profesorado especialista de PT e AL.
- Atención educativa al alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para una asistencia continuada al centro.
- Adaptación Curricular: esta medida de atención á diversidade levarase a cabo cando sexa preciso adecuar os obxectivos, contidos ou criterios de avaliación. Para levar a cabo a Adaptación Curricular deberemos partir do Informe elaborado polo Departamento de Orientación e onde se reflectirán as Necesidades educativas do alumno ou alumna.

Queremos que os nosos e nenas sexan os protagonistas da educación e da escola e pensamos que están por encima, incluso, de todo o que supón este documento. E por suposto, para o seu desenvolvemento e a súa aprendizaxe, queremos favorecer o seu benestar, o xogo libre e momentos de disfrute, pero sen esquecernos das aprendizaxes individuais e colectivas.

Os discentes son moi diversos e, nesta diversidade, queremos favorecer unha educación personalizada e inclusiva, que teña en conta esas diferenzas individuais, os seus distintos ritmos de aprendizaxe, as competencias básicas e as intelixencias múltiples, os seus intereses e os seus estilos de aprendizaxe.

▪ MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PARA O PRESENTE CURSO.

Esta programación está feita para os nenos de 4º de Educación Primaria. Despois de ter feita a correspondente avaliación inicial podemos dicir que a maioría dos nenos non presentan necesidades educativas agás tres alumnos que pasaron con unha materia pendente e outra alumna con necesidades educativas asociadas TDAH. Estes alumnos recibirán apoio na aula por parte da P.T

A medida que avance o curso seguiranse adoptando aquelas medidas que se consideren oportunas para dar resposta ás posibles necesidades educativas que poidan ir xurdindo.

En canto ao **material empregado** para levar a cabo estas medidas de atención á diversidade utilizaranse en:

- Linguas Galega e Castelá: fichas de ampliación e reforzo, de comprensión lectora, e de ortografía, xunto con exercicios do reforzo en diferentes repositorios de actividades na rede.
- Matemáticas: fichas de ampliación e reforzo variadas en función das necesidades que o alumno presente en cada momento.

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Polo seu carácter educativo e cultural consideramos de gran valor para os noso alumnado a participación nestas actividades, durante este curso 2020-2021 participaremos naquelas actividades propostas na Programación Xeral Anual do centro, así como nas actividades culturais, educativas e pedagóxicas, obras de teatro, musicais, animación lectora, deportivas, etc; que se oferten desde as institucións e entidades públicas e privadas de xeito virtual e que poidamos aproveitar desde as aulas para o enriquecemento do currículo.

Ademais, realizaremos saídas ao exterior da aula e ao contorno máis próximo: patio, bosque próximo, sendas verde, ... que teñan interese no proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

Todas estas actividades, dadas as circunstancias actuais, serán de carácter on-line ou presenciais, sempre e cando, sexa necesario cumprindo co **Plan de Adaptación á situación COVID-19** e garantindo a estanqueidade dos grupos de convivencia estable.

A nivel de aula participaremos nas conmemoracións publicadas no Calendario Escolar organizando actividades diversas co fin de salientar a importancia da correspondente conmemoración: realización de murais, visionado de vídeos, fichas, cancións, presentacións dixitais, lecturas, web quest, etc.

10. TRATAMENTO TRANSVERSAL DE EDUCACIÓN EN VALORES

A educación escolar ten como finalidade básica a de contribuír a desenvolver persoas con capacidade para desenvolverse na sociedade. Para tal fin, ademais dos coñecementos das diversas disciplinas, hai certas cuestións na época actual que reclaman unha atención prioritaria; por iso a LOMCE incorpora no currículo os elementos transversais, que deben impregnar toda práctica educativa, pois, educar en valores é participar nun auténtico proceso de desenvolvemento e construción persoal, é formar cidadáns/as auténticos que saiban asumir conscientemente os retos da globalización e poidan comprometerse na construción dun mundo máis xusto, máis inclusivo, equitativo e intercultural. Os elementos transversais que debemos transmitir aos nosos alumnos/as son os seguintes:

- **Educación para a Paz.** Sabendo respetar e aceptar as aportacións dos demais e recoñecendo a importancia de compartir e axudar aos que o precisan.
- **Educación Moral e Cívica.** Valorando o traballo en equipo, respetando e aceptando as regras dos xogos, así como o turno de palabra, as normas e as opinións dos demais.
- **Igualdade de Oportunidades entre Sexos.** Valorando a igualdade de capacidades entre os sexos, colaborando en calquera tipo de actividade e tarefa e evitando termos e expresións que denoten discriminación.
- **Educación para a Saúde.** Practicando unha vida saudable, activa e autónoma, desenvolvendo hábitos correctos de hixiene, de alimentación e posturais.
- **Educación Ambiental.** Recoñecendo a importancia de conservar o medio no que viven e creando compromisos persoais para a mellora e mantemento do medio ambiente.
- **Educación Vial.** Coñecendo o entorno máis próximo e as normas básicas de circulación, tanto como peatón como viaxeiro e reflexionando sobre as súas propias conductas e actuacións.
- **Educación Sexual.** Aceptando o seu propio corpo e o dos demais, e demostrando os seus sentimentos e afecto hacia as demais persoas.

Deben ser tratados de modo **interdisciplinar** en todas as áreas ao longo da etapa de educación primaria, a través das distintas actividades de ensinanza aprendizaxe propostas que se leven a cabo desde a aula e a escola.

11. CONTRIBUCIÓN AOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

Co fin de facilitar a consecución dos obxetivos propostos na LOMCE e no Decreto 105/2014 o centro desarrolla diversos Plans e Proxectos, dende a aula contribuímos a súa consecución a través de diferentes accións.

▪ CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO DO CENTRO

Este curso, traballárase en colaboración co programa PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares) un proxecto de centro chamado “**Camifando con Tilandra**”.

▪ CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (PLAN TIC)

É importante facer un bo uso das TIC, como recolle o ordenamento legal, utilizando as novas tecnoloxías partindo do alumnado e do currículo, baseados no Software libre, na ética e na educación en valores, como a solidariedade, o compartir, a honestidade, os dereitos e a liberdade no uso do coñecemento.

Nas aulas do cuarto nivel contamos cunha pizarra dixital para escribir e facer cálculos, dende a cal podemos empregar o libro dixital co que contamos en todas as áreas, así como o uso de CDs, videos,...

Así mesmo, contamos cun ordenador en cada aula que será empregado tanto como instrumento de búsqueda de información na rede sobre contidos das materias así como transversais, como para realizar actividades das diferentes materias empregando os materiais curriculares en soporte dixital dos que dispoñamos, incluíndo os que están na rede; para a realización de documentos de texto (poemas, contos, adiviñas, trabalinguas...).

Dende a programación de aula propóñense actividades a realizar apoiadas nas TIC, realización de SYMBALOO, LIM, emprego do ordenador de aula e aproveitamento da aula de informática.

Acudiremos unha vez á semana á aula de informática para familiarizar ao alumnado no uso da aula virtual do centro e na propia da editorial Santillana, iniciarse no tratamento de textos en distintos formatos, presentacións de traballos, uso da aplicación Openboard e na búsqueda guiada de información para a realización de proxectos e investigacións.

Desta maneira búscase que o alumnado sexa cada vez máis autónomo e responsable na utilización das TIC, e preparamos para un posible escenario de actividade lectiva non presencial ou semipresencial.

▪ CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Desde a aula, contribuiremos ao Proxecto Lingüístico de Centro e á mellora da competencia en comunicación lingüística do alumnado fomentando o uso da lingua galega a través de actividades de interese para o alumnado como exposicións orais, producións plásticas e dramatizacións. Ademais participaremos nas actividades propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega como no Día das Letras Galega, o día de Rosalía...

O Proxecto Lector busca integrar todas as tarefas educativas enfocadas á lectura, comprensión lectora e escritura. É labor de todo o equipo docente, pero cada mestre dende a súa programación recollerá as actividades a levar a cabo para contribuír con este proxecto.

Realizaranse lecturas diarias, ao longo da xornada escolar, en sesións de 30 minutos para que todos/as os/as alumnos/as do centro dediquen á lectura fomentando neles o gusto pola lectura.

Estas lecturas consistirán en lecturas individuais dos libros da biblioteca de aula, lecturas compartidas dun mesmo libro, lecturas en diferentes soportes de textos diversos: poemas, contos, adiviñas, cantigas, audiolibros, lectura de xornais,...

Empregarase a metodoloxía PLSS, para que o alumnado realice unha lectura autónoma e de lecer. Que encontren nese momento un espazo para o divertimento.

Debido o pouco hábito que teñen a maioría dos alumnos e alumnas á lectura, será fundamental levar a cabo actividades que fomenten este hábito de maneira que sintan o pracer da lectura e que non o vexan como unha obriga que lles mandan no colexio.

Para tal fin, a biblioteca de aula e a escolar serán un espazo permanentemente accesible para os alumnos e alumnas. Debido ao momento de pandemia no que nos atopamos utilizarase, polo momento, a biblioteca de aula a cal completárase con libros da biblioteca do centro que levaremos para a aula para as lecturas diarias.

▪ **Actividades específicas para o fomento da lectura e a súa comprensión na aula de 4º**

Ademais de todas as actividades indicadas ao longo da presente programación no apartado de fomento á lectura en cada unha das unidades nas distintas áreas, algunhas actividades que se levarán a cabo na aula para motivar aos nenos a ler máis son:

- Insistir na reunión inicial con pais da importancia que supón o hábito lector para o desenvolvemento académico dos seus fillos, resaltando a baixa comprensión do alumnado no enunciado de exercicios e exames. Explicarlles que debe ser unha tarefa de colaboración entre familia e escola.
- A lectura diaria mencionada no Plan Lector que se levará a cabo despois do recreo, coa realización do Lectómetro e un Diario de Lecturas onde cubrirán unha pequena ficha cos datos do libro e un comentario do mesmo.

- Os nenos e nenas contarán ou resumirán aos demais nenos algúns dos contos que vaian lendo, podendo así observar a comprensión da lectura realizada e posibilitando aos nenos e nenas exteriorizar e compartir os sentimentos que cada lectura lles produce.
- Durante o curso realizarán fichas de comprensión lectora que constarán dun breve texto e as súas correspondentes preguntas.
- Unha vez á semana debateremos sobre as noticias máis salientables fomentando a lectura de xornais.

▪ CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

A convivencia é un obxectivo formativo e fundamental no proceso educativo.

1º) Para conquerilo con efectividade, na programación de aula incluímos actividades colectivas relativas a:

- **Xestión do grupo:** Solución de conflitos, normas...de casos reais que se presentan dentro e fóra da aula. Debates que suxiran procesos de reflexión, sobre casos reais e hipotéticos. Planificación e revisión de normas de conduta mediante asembleas, a calquera nivel: escolar, familiar ou social
- **Actividades cooperativas** na aula que necesitan de todos ou parte do grupo e, para a súa realización, teremos en conta as aprendizaxes previas, as competencias básicas, as intelixencias múltiples, os intereses e as preferencias individuais, que valoren o papel de todos e cada un dos implicados. Así, por exemplo, poderemos facer: obras de arte e festivais, traballos en grupo, investigacións,...
- **Acordos coas familias** e especificar en que nos comprometemos a axudar para facilitarlle o proceso educativo aos nosos nenos e nenas:
- **Criterios educativos comúns**, sobre todo en hábitos de traballo, alimentación e hixiene. Loitar por modelos coherentes de comportamento.
- **Contacto permanente** e diario gracias ao papel das **axendas escolares**.
- **Coordinación permanente** para a realización de actividades dentro e fóra da aula como: traballos plásticos, elaboración de murais, exposicións, disfraces,...

2º) Actuacións individuais para tratar casos concretos de comportamentos anómalos. Este grupo en xeral é moi tranquilo, e pode resumirse en chamadas de atención puntuais e nada significativas.

Nestes e outros casos que se presenten, propoñemos:

- Amosar unha **actitude tolerante, flexible e paciente**.

- Actuar como un **modelo de conducta reflexiva**.
- Evitar as recriminacións verbais, **corrixir en privado e felicitar en público**.
- **Ignorar os comportamentos** e as chamadas de atención que non sexan moi molestos.
- Anticiparse e **prever situacións** que poidan presentar problemas adxudicándolle **tarefas de responsabilidade**, borrar o encerado, repartir cadernos, prender o ordenador, mandalo a un recado a outro lugar fóra da aula, que permitan a súa mobilidade e que faga que esqueza pronto o capricho.
- **Evitar** a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización, por parte dos demais cara el.
- Realizar **entrevistas periódicas individuais** con el, sobre o seguimento e motivación da conduta, que nos poden servir tamén para **detectar o nivel de integración dentro do grupo**.
- Facer un **seguimento das súas condutas, anotándoas todas** tal e como se produciron.
- Favorecer a súa **integración** cando a conduta é adecuada e conseguir **que os demais o ignoren cando se porta mal**.
- Chegar a **acordos con contratos de conduta** adaptados á súa idade.
- **Retirar** da mesa calquera **obxecto** que poida servirllle de **distracción**.
- Estar o **máis próximo** a el posible.
- De non dar resultado todo isto, poñerase en marcha a aula de convivencia, a que debe acudir tras facer un informe detallado dos porqués deste decisión.

12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A presente Programación está suxeita a cambios que se poderán ir introducindo ao longo do curso e que despois se reflectirán na Memoria. Estes cambios terán lugar sempre que se detecte que a Programación non se adecue ás necesidades do alumnado e será produto da avaliación continua que se irá realizando ao longo do curso de dita Programación. É tan importante avaliar o proceso de aprendizaxe dos alumnos como o de ensinanza dos mestres.

Estes aspectos quedarán recollidos no caderno do mestre. Por unha banda, un rexistro de seguimento da avaliación e por outra un seguimento da programación coas observacións oportunas ao longo do proceso de ensinanza aprendizaxe.

Para isto, realizaremos unha revisión trimestral coa súa posterior modificación, se fora o caso.

Ademais, realizarase a escala de observación en cada unidade didáctica sobre a práctica docente e o sobre o proceso de ensino e aprendizaxe de xeito que se poderán facer aportación ou eliminación de contidos con respecto ó previsto, en calquera momento que se considere oportuno.

Así mesmo, para avaliar a planificación da miña proposta pedagóxica, levarei a cabo distintos mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos a través dunha rúbrica e o análise da praxe educativa en base aos resultados obtidos polo alumnado na súa avaliación para poder facer, así, unha proposta de mellora a través dun informe escrito trimestral.

Finalmente sinalar que se reflexionará e realizará unha avaliación dos seguintes aspectos:

- Grado de adecuación dos obxectivos propostos para cada unha das Áreas.
- Secuenciación e temporalización dos contidos e das actividades.
- As condicións organizativas e a adecuación dos recursos dispoñibles,
- A adecuación das actividades propostas,
- A idoneidade da metodoloxía empregada.
- Adecuación dos criterios de avaliación aos obxectivos propostos.
- Aportación dos obxectivos e os contidos para o desenvolvemento das Competencias Básicas.
- Métodos, instrumentos e estratexias de avaliación empregados.
- Recursos materiais empregados, se se adaptaron os obxectivos programados, se foron motivadores para o alumnado, etc.
- Medidas de atención á diversidade, ver se realmente deron resposta ás necesidades de cada un dos alumnos.
- Resultados acadados coas actividades realizadas para o fomento da lectura, se foron motivadoras para o alumnado.
- Grao de utilización das TICS na aula.

▪ **RÚBRICA PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

1.- Modelo de autoevaluación del método de enseñanza del profesor/a.

Hacemos interesante la materia	Si	No	A veces
Estimulamos el trabajo del alumnado	Si	No	A veces

Damos ánimos en el trabajo	Si	No	A veces
ORIENTACIÓN			
Respondemos a las preguntas y dudas	Si	No	A veces
Escuchamos con atención al alumnado	Si	No	A veces
SOCIALIZACIÓN			
Fomentamos las actividades en grupo	Si	No	A veces
Permitimos elegir al alumnado actividades	Si	No	A veces
Evitamos actitudes sexistas y discriminatorias	Si	No	A veces
PERSONALIZACIÓN			
Nos relacionamos con todo el alumnado	Si	No	A veces
Ofrecemos ayuda individualizada	Si	No	A veces
INSTRUCCIÓN			
Explicamos con claridad	Si	No	A veces
Indicamos como deben trabajar	Si	No	A veces
ORGANIZACIÓN			
Estructuramos la participación	Si	No	A veces
Organizamos las actividades	Si	No	A veces
INNOVACIÓN			
Incitamos al alumnado a que exprese sus ideas	Si	No	A veces
Introducimos materiales y métodos nuevos	Si	No	A veces
AFECTIVIDADE			
Reconocemos el mérito de lo que hace el alumnado	Si	No	A veces
Alentamos y damos ánimo	Si	No	A veces
Desaprobamos al alumnado cuando se equivoca	Si	No	A veces

2.- Modelo de evaluación de las Unidades Didácticas por parte del alumnado

Aprendí mucho con la unidad	Sí	No	A veces
Las actividades eran interesantes	Sí	No	A veces
Me gustaría aprender más cosas de la unidad	Sí	No	A veces
¿Qué fue lo que más me gustó de la unidad?			
¿Qué fue lo que menos me gustó?			
Dale una valoración a la unidad del 1 al 10			

3.- Modelo de evaluación del profesorado

Las clases son amenas	Sí	No	A veces
Varía las actividades	Sí	No	A veces
Ayuda si es necesario	Sí	No	A veces
Explica con claridad	Sí	No	A veces
Nos trata de forma adecuada	Sí	No	A veces
Escucha nuestras opiniones	Sí	No	A veces
Tiene unas normas muy claras para la clase	Sí	No	A veces
Valora nuestras propuestas	Sí	No	A veces
Se puede hablar con él/ella	Sí	No	A veces
Nos corrige cuando actuamos mal	Sí	No	A veces